

Dinamismo do tecido produtivo

3.1.- Demografía empresarial

3.2.- Estrutura produtiva

3.3.- Sector exterior

3.1.- Demografía empresarial

Por primeira vez dende que comezou a crise económica no ano 2008, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social experimenta, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, un lixeiro incremento, acabando o ano con 80.300 empresas, un 0,2% máis que no ano anterior (0,8% no conxunto do Estado). No que atinxe aos traballadores autónomos, axentes fundamentais na estrutura empresarial galega, no ano 2013 rexístrase unha medra do 0,4% (sete décimas menos que no total estatal), situándose en 144.135 traballadores, o 7,4% do total estatal.

O dinamismo empresarial presenta unha tendencia dispar. Dunha banda, por primeira vez dende o ano 2009 descende o número de sociedades mercantís creadas en Galicia en relación ao ano anterior, presentando unha taxa de variación anual negativa 0,2% (medra un 0,8% en España). Doutra banda, por primeira vez dende o comezo da crise descende o número de sociedades disoltas, sendo esta redución superior ao 21%, máis de nove puntos porcentuais ao rexistrado no conxunto do Estado.

Tendo en conta que un número importante de empresas viables dende un punto de vista operativo convértense en inviables dende un punto de vista financeiro, cómpre resaltar a leis estatais 17/2014, de 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, e a lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

A primeira indica que unha vez realizada a reestruturación do sector financeiro e saneados os balances bancarios, as entidades de crédito e os demais acredores financeiros poden e deben contribuír ao saneamento das empresas que, a pesar do seu elevado endebedamento, seguen a ser produtivas. Para iso, a reforma céntrase na mellora do marco legal preconcursal dos acordos de refinanciamento. A lei 18/2014, de 15 de outubro, no marco do seu eixe de mellora ao

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-2014 (1)

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
	Total		(%)	(taxa de variación interanual)	
2011	84.808	1.292.153	6,6		
2012	81.616	1.248.381	6,5	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,4	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,4	0,2	0,8
2014					
Xaneiro	78.751	1.231.800	6,4	-1,5	0,8
Febreiro	78.821	1.231.675	6,4	-1,3	0,9
Marzo	79.116	1.231.027	6,4	-1,2	0,4
Abril	79.531	1.240.648	6,4	-0,4	0,8
Maio	80.367	1.255.790	6,4	0,4	1,3
Xuño	80.758	1.251.196	6,5	-0,2	0,2
Xullo	81.887	1.246.381	6,6	0,2	0,7
Agosto	82.072	1.243.663	6,6	0,2	0,8
Setembro	80.805	1.245.245	6,5	0,1	0,7
Outubro	80.861	1.241.587	6,5	0,3	1,2
Novembro	80.747	1.254.833	6,4	0,1	1,4
Decembro	80.300	1.255.613	6,4	0,2	0,8

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.1.

acceso ao financiamento, entre as súas medidas inclúe a articulación dun Programa de garantías do ICO para favorecer o financiamento e a internacionalización da pequena e mediana empresa española.

Empresas inscritas na Seguridade Social


O número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia a 31 de decembro de 2014 ascendeu ata as 80.300 empresas, manténdose o seu peso relativo no total estatal no 6,4%. En relación á mesma data do ano anterior, rexístrase unha medra do 0,2% –seis décimas menos que no conxunto do Estado– que racha a tendencia descendente iniciada no ano 2009.

Ao longo do último ano, mentres que o conxunto de España presenta taxas de crecemento positivas nos doce meses, Galicia presenta un incremento continuado a partir do mes de xullo, descendendo no primeiro trimestre do ano a un ritmo medio superior ao 1,2%. Como reflicte o **cadro 3.1.2.,** e ao igual que no ano anterior, a Comunidade Autónoma rexistra unha evolución peor que no Estado.

A provincia de A Coruña foi a única que mantivo un descenso do número de empresas inscritas, cunha redución do –0,1% respecto ao mesmo período do ano anterior. Por contra, o maior incremento rexístrase na provincia de Pontevedra, cun 0,6%, seguida de Lugo, cun 0,5%, e Ourense onde o número de empresas inscritas mantívose practicamente igual. Tras esta evolución, A Coruña segue rexistrando o maior número de empresas con 33.205, aproximadamente o 41% do total galego, en tanto que Pontevedra ten 29.228 empresas inscritas, o 36%.

A evolución do número de empresas entre os anos 2013 e 2014 foi desigual a nivel sectorial. Dunha banda, o número de empresas con traballadores inscritas en Galicia na Seguridade Social aumenta no sector servizos e nas actividades primarias (0,4% e 2,2%, respectivamente). Doutra, os sectores da construción e da industria rexistran na Comunidade Autónoma unha redución

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2014: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.2.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2013-14: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2013	2014	´14/13 (%)	2013	2014	´14/13 (%)
Total	80.118	80.300	0,2	1.246.167	1.255.613	0,8
Primario	5.182	5.295	2,2	107.283	102.030	-4,9
Industria	7.425	7.365	-0,8	107.158	107.195	0,0
Construción	8.160	8.065	-1,2	104.175	105.103	0,9
Servizos	59.351	59.575	0,4	927.551	941.285	1,5
Total	80.118	80.300	0,2	1.246.167	1.255.613	0,8
Persoa física	32.551	32.517	-0,1	476.936	475.003	-0,4
Persoa xurídica	47.567	47.783	0,5	769.231	780.610	1,5

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.3.

do –1,2% e –0,8%. No conxunto do Estado o número de empresas descende tan só no caso do sector primario (–4,9%), experimentándose a medra máis acusada no sector servizos, cun 1,5%.

No que atinxe ao tipo de empresas, do **cadro 3.1.3.** dedúcese que se mantén a distribución entre persoas físicas e xurídicas, de xeito que case seis de cada dez empresas corresponden a persoas xurídicas (59,5%) e as restantes catro da cada dez son persoas físicas (40,5%). En España as persoas xurídicas supoñen o 62,2% e as persoas físicas, o 37,8% restante.

• Perfil do traballador autónomo

Un elemento fundamental do tecido empresarial, tanto en Galicia como no conxunto de España, son os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social. A 31 de decembro de 2014 había en Galicia un total de 227.717 afiliados por conta propia na Seguridade Social (218.115 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 144.135 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colabo-

Traballadores autónomos en Galicia e España 2014: principais características (1)

	2014			14/13	
	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
			(%)		(%)
Total	144.135	1.945.548	7,4	0,4	1,1
sector de actividade					
agricultura	35.420	237.939	14,9	-4,5	-1,5
industria	6.476	88.464	7,3	-0,9	-2,9
construción	16.321	202.852	8,0	4,6	2,3
servizos	85.918	1.416.293	6,1	2,0	1,7
situación profesional					
sen asalariados	116.351	1.547.071	7,5	0,5	1,4
con asalariados	27.784	398.477	7,0	0,0	0,1
sen pluriactividade	138.009	1.847.921	7,5	-0,1	0,5
con pluriactividade	6.126	97.627	6,3	13,0	14,8
sexo					
homes	82.182	1.274.753	6,4	0,9	0,3
mulleres	61.953	670.795	9,2	-0,1	2,8
idade					
< 25 anos	2.037	39.612	5,1	2,7	4,3
25-39 anos	36.277	548.641	6,6	2,8	1,9
40-54 anos	63.182	876.312	7,2	0,3	0,6
55 ou máis anos	42.639	480.983	8,9	-1,4	0,9
nacionalidade					
españois	140.761	1.790.101	7,9	0,4	0,6
estranxeiros	3.374	155.447	2,2	4,0	7,5
antiguidade no negocio					
< 6 meses	9.373	166.943	5,6	8,4	3,9
6-11 meses	9.700	154.658	6,3	18,6	17,7
1-3 anos	21.074	327.139	6,4	10,4	12,8
3-5 anos	12.481	181.876	6,9	9,8	7,3
5 ou máis anos	91.507	1.114.932	8,2	-4,9	-4,9
base de cotización					
mínima	113.498	1.678.818	6,8	1,4	1,9
entre mínima e 1,5 veces mínima	13.602	86.767	15,7	-5,1	1,2
1,5-2 veces mínima	9.313	63.604	14,6	-0,7	-3,9
2-3 veces mínima	6.963	99.045	7,0	-2,0	-6,6
máis de 3 veces mínima	759	17.314	4,4	-1,6	-3,4

(1) datos a 31 de decembro

(2) aos efectos deste réxime, entenderase por traballador por conta propia ou autónomo aquel que realiza de xeito habitual, persoal e directo unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo, ainda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular da empresa individual ou familiar.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.4.

radores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores. A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2014 rexístrase unha medra do 0,4%, sete décimas menos que no conxunto do España, polo que o seu peso relativo descende ata o 7,4% do total estatal de autónomos propiamente ditos.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre salientar tanto a elevada presenza dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 14,9% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (9,2%) e a presenza de maiores de 55 anos (8,9%). Asemade, cómpre mencionar que aqueles autónomos que teñen unha

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2014

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sociedades constituídas	4.266	1.669	435	406	1.756	94.152
Anónimas	14	3	3	-	8	709
Limitadas	4.252	1.666	432	406	1.748	93.434
Amplían capital	1.696	690	192	172	642	32.789
Anónimas	94	36	5	10	43	2.516
Limitadas	1.602	654	187	162	599	30.273
Disoltas	1.528	600	171	133	624	21.850
Voluntaria	1.132	488	124	99	421	14.869
Por fusión	86	31	12	9	34	1.857
Outras	310	81	35	25	169	5.124
Capital suscrito						
			(en miles de euros)			
Sociedades constituídas	238.306	121.889	18.463	19.887	78.067	7.404.600
Anónimas	57.999	56.594	305	-	1.100	1.884.776
Limitadas	180.307	65.295	18.158	19.887	76.967	5.519.133
Capital desembolsado						
			(en miles de euros)			
Sociedades constituídas	237.646	121.889	18.418	19.887	77.452	7.329.982
Anónimas	57.339	56.594	260	-	485	1.810.155
Limitadas	180.307	65.295	18.158	19.887	76.967	5.519.133
Capital desembolsado						
			(en miles de euros)			
Amplían capital	787.370	459.572	64.525	70.290	192.983	42.797.161
Anónimas	206.521	165.155	858	6.591	33.917	23.600.422
Limitadas	580.849	294.417	63.667	63.699	159.066	19.196.739

Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.5.


base de cotización entre a mínima e 1,5 veces a mínima e entre dúas e tres veces, supoñen o 15,7% e 14,6% do total estatal. Por contra, os autónomos de nacionalidade estranxeira tan só representan o 2,2% dos autónomos estranxeiros en España, e os cotizantes por unha base de cotización de máis de tres veces a base mínima, o 4,4%.

Dinámica empresarial

O número de sociedades mercantís inscritas no Rexistro Mercantil, independentemente da data na que comezan a realizar as operacións comerciais, tras catro anos consecutivos de crecemento, descende no ano 2014 un 0,2% respecto ao ano anterior, acadando as 4.266 empresas (4.252 son sociedades limitadas). Por contra, no conxunto do Estado o número de sociedades constituídas medra un 0,8%, de xeito que o peso relativo das empresas creadas en Galicia no total estatal cae ata o 4,5%, porcentaxe xx décimas inferior á importancia relativa do PIB xerado.

Na provincia de Pontevedra constituíronse un total de 1.756 empresas e na de A Coruña, 1.669 sociedades mercantís, o que supón que máis do 80% das sociedades constituídas se concentran nestas dúas provincias. Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que A Coruña foi a provincia co maior descenso no número de sociedades constituídas, con 134 empresas menos que en 2013, seguida de Lugo, con dous sociedades menos. Pola contra, nas provincias de Pontevedra e Ourense constitúense 114 e 12 sociedades máis que no ano precedente, respectivamente.

Se se considera a relación entre o número



Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*


3.1.6.

de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 15,5 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 20,2 sociedades mercantís no conxunto do Estado.

Pontevedra continúa presentando a taxa de creación de empresas máis elevada das catro provincias galegas, con 18,5 sociedades creadas por cada 10.000 habitantes, por debaixo da media española (20,2). No extremo oposto, Lugo e Ourense, cunha creación de 12,7 e 12,6 empresas por cada 10.000 habitantes, respectivamente, seguen sendo as que teñen o índice de creación máis reducido. En relación ao ano anterior, A Coruña foi a única que rexistrou en 2014 unha redución desta taxa, que se sitúa en 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes.

O capital subscrito polas sociedades mercantís creadas en Galicia situouse no ano 2014 nos 238,3 millóns de euros, o que significou un descenso do 3,1% en relación ao ano anterior. Tendo en conta a medra experimentada no conxunto do Estado (10,1%), o peso relativo do capital subscrito por estas sociedades en Galicia no total estatal, pasa do 3,7% no ano 2013 ao 3% no ano 2014. O devandito descenso ven motivado pola redución experimentada nas provincias de Pontevedra e Ourense, con 46,9 e 18,7 mi-

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2009-14 (1)



Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.7.

llóns de euros menos, respectivamente, que supera á medra de case 55 millóns de euros (781,4%) en A Coruña e de 3,2 millóns (21,3%) en Lugo.

Por outra banda, no ano 2014 o número de empresas que ampliaron capital descende tanto en Galicia como en España. Tras unha caída do 3,1% na comunidade autónoma (5,4% no conxunto do Estado) no último ano rexistráronse 1.696 ampliacións, o 5,2% do total estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, o capital subscrito nas ampliacións rexistrou un descenso do 77,3%, fronte ao -43% rexistrado de media no Estado.

A nivel provincial, o número de empresas que amplían capital tan só descende en A Coruña, con 104 ampliacións máis que no ano anterior, rexistrándose 34 ampliacións máis en Pontevedra, 10 en Ourense e 4 máis en Lugo. Por contra, o importe do capital ampliado descende nas catro provincias, correspondendo a caída máis acusada a A Coruña.

No que respecta á desaparición de sociedades, no conxunto do ano 2014 o número de empresas que se disolveron en Galicia descendeu por primeira vez dende que comezou a crise económica. Tras unha caída do 21,1%, máis de nove puntos superior á media española, o número de sociedades mercantís disoltas foi de 1.528, 409 sociedades menos que en 2013, o que representa o 7% das empresas disoltas en España (7,8% no ano anterior). A diferenza do acontecido nos últimos catro anos, as catro provincias presentan unha redución do

número de sociedades disoltas, sendo superior ao 20% en todas as provincias galegas agás Lugo, cun descenso do 17,4% en relación ao ano 2013.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación) descende de xeito significativo por primeira vez dende o ano 2009. En 2014 disolvéronse un total de 35,8 empresas por cada cen sociedades constituídas, situándose este índice case dez puntos por baixo do rexistrado no ano anterior, aínda que moi por riba da media española, que foi de 23,2 empresas disoltas por cada cen constituídas. Como reflicte o **cadro 3.1.7.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie considerada.

Todas as provincias galegas presentan esta tendencia descendente, sendo a máis acusada a experimentada na provincia de Pontevedra. Ao igual que acontece dende o ano 2009, as catro provincias presentan un índice de rotación superior á media española, acadando en Lugo un total de 39,3 sociedades disoltas por cada cen constituídas, fronte ás 35,9 de A Coruña e as 35,5 e 32,8 sociedades en Pontevedra e Ourense, respectivamente.

No que atinxe ao número de empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial (25 en Galicia en 2014, cinco máis que no ano anterior) no último ano ráchase a tendencia crecente iniciada en 2004, ano en que entrou en vigor a L.O. 8/2003 para a reforma concursal e a da Lei 22/2003, concursal. O número total de empresas concursadas en Galicia en 2014 descendeu ata as 435, un 18,2% menos que no ano 2013, situándose esta porcentaxe no –30,1% de media no conxunto do Estado. O 81,1% desas empresas concursadas en Galicia son sociedades de responsabilidade limitada (353 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas, con 53 empresas (12,2%) (**cadro 3.1.8.**).

O sector primario volve a experimentar no último ano unha medra do número de empresas concursadas (oito máis que en 2013), situándose como o único sector onde medra. Por contra, ao igual que en 2013 o sector industrial e enerxético considerado no seu conxunto rexistra un descenso do número de empresas concursadas, con 38 empresas menos. O maior descenso corresponde ao sector da construción, con 61 empresas menos. Atendendo á súa desagregación segundo a rama de actividade económica exercida, o comercio por xunto, con 74 empresas concursadas 819 menos que en 2013), a construción de edificios e promoción inmobiliaria, con 73 (46 menos) e o resto da construción, con 40 (15 menos), son as que presentan un maior número de empresas concursadas.

No que respecta ao tamaño das empresas concursas segundo o número de asalariados, unha de cada catro empresas tiñan un ou dous traballadores (109 empresas), en tanto que o 18,4% (80 empresas) tiñan entre tres e cinco asalariados. Asemade, cómpre mencionar que o número de empresas en concurso de máis de 50 traballadores ascende a 26, o 6% do total en Galicia.

Tomando como referencia e explotación estatística que elabora o INE do Directorio Central de Empresas (Dirce), o **cadro 3.1.10.** mostra as empresas existentes en Galicia a comezos do ano 2014. Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens

Empresas concursadas en Galicia e España 2013-14: distribución segundo actividade económica principal (1)


	Galicia		España	
	2013	2014	2013	2014
Total	532	435	9.143	6.392
Agricultura e pesca	4	12	83	70
Industria e enerxía	115	77	1.575	
Bens intermedios	50	24	623	349
Bens de capital	33	30	385	246
Bens de consumo	9	7	141	86
Bens de consumo non duradeiro	18	15	379	263
Enerxía	5	1	47	60
Construcción	174	113	2.430	
Edificios e promoción inmobiliaria	119	73	1.591	1.010
Resto	55	40	839	483
Servizos			1.687	
Comercio maiorista	93	74	1.449	1.110
Comercio polo miúdo e vehículos	18	5	238	160
Transporte e almacenamento	19	24	316	245
Hostelería	11	14	400	371
Información e comunicacións	6	8	217	191
Inmobiliarias, finaceiras e seguros	8	8	373	260
Actividades profesionais e técnicas	27	28	573	403
Actividades administrativas e serviz.aux.	15	14	455	272
Resto de servizos	18	24	360	357
Sen clasificar	24	34	674	456

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2014 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.1.8.

Empresas concursadas 2007-14



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.1.9.

Empresas en Galicia e España 2014 (1): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2014			14 / 08		14 / 13		Índice de especialización (2)
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	191.745	3.119.310	6,1	-11.629	-302.929	-1.253	-27.260	1,00
Industria e enerxía	12.676	200.835	6,3	-2.677	-45.616	-363	-5.750	1,03
Industria extractiva	310	2.481	12,5	-97	-493	-18	-86	2,03
Industria manufactureira	11.637	176.726	6,6	-2.671	-52.496	-329	-5.453	1,07
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	473	14.826	3,2	99	6.138	-10	-268	0,52
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	256	6.802	3,8	-8	1.235	-6	57	0,61
Construción	29.475	408.089	7,2	-8.232	-214.007	-615	-17.504	1,17
Servizos	149.594	2.510.386	6,0	-720	-43.306	-275	-4.006	0,97
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	49.542	758.483	6,5	-4.448	-62.592	-563	-6.896	1,06
Transporte e almacenamento	12.054	196.828	6,1	-2.073	-42.498	-222	-9.295	1,00
Hostalería	19.856	276.674	7,2	-1.581	-12.544	-591	-5.838	1,17
Información e comunicacións	2.023	56.100	3,6	293	7.282	20	927	0,59
Actividades financeiras e de seguros	4.752	69.674	6,8	246	2.561	-87	-2.681	1,11
Actividades inmobiliarias	5.099	137.245	3,7	1.594	19.618	493	8.243	0,60
Actividades profesionais, científicas e técnicas	18.824	358.224	5,3	-1.486	-47.017	-1.033	-14.662	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	8.479	173.439	4,9	2.601	36.372	480	10.018	0,80
Educación	5.372	84.917	6,3	1.289	16.347	427	5.809	1,03
Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.977	142.136	4,9	641	17.694	-93	-2.636	0,80
Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento	4.702	78.187	6,0	804	7.636	177	2.634	0,98
Outros servizos	11.914	178.479	6,7	1.400	13.835	717	10.371	1,09

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: *INE*

3.1.10.

Empresas en Galicia e España 2014 (1): distribución segundo número de asalariados


	Galicia					España
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total empresas	191.745	79.854	23.703	22.663	65.525	3.119.310
sen asalariados	98.870	42.611	11.926	11.832	32.501	1.672.483
de 1 a 2 asalariados	61.477	24.543	7.816	7.408	21.710	921.000
de 3 a 5 asalariados	17.978	7.162	2.405	2.053	6.358	284.612
de 6 a 9 asalariados	6.496	2.555	838	696	2.407	110.819
de 10 a 19 asalariados	3.787	1.588	439	374	1.386	70.226
de 20 a 49 asalariados	2.105	899	201	207	798	38.157
de 50 a 99 asalariados	588	253	49	60	226	11.223
de 100 a 199 asalariados	242	128	18	18	78	5.753
de 200 a 499 asalariados	137	71	8	10	48	3.346
de 500 a 999 asalariados	28	20	2	1	5	942
de 1.000 a 4.999 asalariados	32	20	1	4	7	646
de 5.000 ou máis asalariados	5	4	-	-	1	103

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: *INE*

3.1.11.

Índices de especialización produtiva relativa Galicia / España 2000-06 e 2007-13 (1)



(1) o índice está baseado en datos do VEB segundo actividades da CNAE-2009 (IER España=1)
Fonte: *INE* e *IGE*

3.1.12.

e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa. O número de empresas existentes en Galicia continúa descendendo dende que comezou a crise, situándose a un de xaneiro de 2014 nas 191.745 empresas (1.253 menos que no ano anterior), mantendo o seu peso relativo no total estatal no 6,1%. Neste último ano, tanto en Galicia como en España, os tres grandes sectores considerados presentan un descenso do número de empresas.

O 78% das empresas existentes pertencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 49.594 empresas, seguidas das actividades de "Hostalería", con case 20.000 empresas, e as "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 18.824. O sector da construción acolle a 29.475 empresas e a industria e enerxía, a 12.676.

A distribución das empresas polo seu número de asalariados (**cadro 3.1.11.**) reflicte o reducido tamaño das mesmas, de xeito que o 51,6% das empresas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, dous puntos menos que o total estatal, e case o 45% teñen menos de 10, 2,6 puntos porcentuais por riba do rexistrado en España). Só un 3,6% das empresas galegas teñen 10 ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,2% no conxunto do Estado.

Para caracterizar a estrutura produtiva de Galicia en relación á media estatal podemos tomar como referencia o índice de especialización (IER), que mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Neste senso, analizando as áreas con maior representatividade en base ao peso do seu Valor Engadido Bruto (**cadro 3.1.12.**), constátase a relevancia do sector primario (agricultura, gandaría, silvicultura e pesca), seguido da construción cun IER de 1,16 no período 2007-2013.

Tomando como referencia o número de empresas, as ramas de actividade cun índice de especialización relativa maior seguen sendo, **cadro 3.1.13.**, as de "Fabricación

Empresas en Galicia e España 2014 (1): principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

		Galicia	España	Galicia / España	Índice especialización
				(%)	Galicia
Total		191.745	3.119.310	6,1	1,00
1	Fabricación de otro material de transporte	128	776	16,5	2,68
2	Otras industrias extractivas	297	2.249	13,2	2,15
3	Extracción de minerales metálicos	7	64	10,9	1,78
4	Confección de prendas de vestir	867	8.647	10,0	1,63
5	Industria de la madera y del corcho, excepto muebles; cestería y espartería	1.085	11.095	9,8	1,59
6	Fabricación de bebidas	490	5.041	9,7	1,58
7	Actividades postales y de correos	649	7.051	9,2	1,50
8	Coquerías y refino de petróleo	2	22	9,1	1,48
9	Fabricación de otros productos minerales no metálicos	837	9.327	9,0	1,46
10	Actividades de descontaminación y otros servicios de gestión de residuos	25	289	8,7	1,41
11	Actividades veterinarias	769	8.929	8,6	1,40
12	Industria de la alimentación	1.801	23.302	7,7	1,26
13	Industria textil	443	6.039	7,3	1,19
14	Servicios de comidas y bebidas	18.469	253.074	7,3	1,19
15	Construcción de edificios	16.465	226.464	7,3	1,18
16	Actividades de construcción especializada	12.124	166.873	7,3	1,18
17	Transporte marítimo y por vías navegables interiores	37	512	7,2	1,18
18	Venta y reparación de vehículos de motor y motocicletas	4.936	69.728	7,1	1,15
19	Reparación de ordenadores, efectos personales y artículos de uso doméstico	1.972	28.115	7,0	1,14
20	Actividades auxiliares a los servicios financieros y a los seguros	4.641	66.370	7,0	1,14
21	Otros servicios personales	7.232	105.781	6,8	1,11
22	Fabricación de muebles	904	13.302	6,8	1,11
23	Actividades de juegos de azar y apuestas	921	13.860	6,6	1,08
24	Reparación e instalación de maquinaria y equipo	710	10.701	6,6	1,08
25	Actividades de servicios sociales sin alojamiento	343	5.217	6,6	1,07

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: *INE*

3.1.13.

doutro material de transporte", e "Outras industrias extractivas", que presentan un índice de especialización superior a 2 (2,68 e 2,15, respectivamente).

Finalmente, destacar que, segundo datos do *Global Entrepeneurship Monitor 2013*, a taxa de actividade emprendedora en España para o ano 2013 volve a reducirse con respecto ao ano anterior e se sitúa no 5,2%, sendo Galicia unha das CC.AA. que se atopa por debaixo da dita porcentaxe, xunto con Navarra e Cantabria.

Empresas de economía social

Por economía social enténdese aquel conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos na Lei 5/2011, de 29 de marzo, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos. Engloba, entre outras, ás cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que leven a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei.

Ao longo do último ano rexístrase un descenso do número de cooperativas activas ou en funcionamento, se ben os seus socios iniciais aumentan de xeito importante en relación ao ano anterior. A 31 de decembro de 2014, o número de sociedades situouse nas 896 (32 menos que na mesma data do ano precedente) e o de socios iniciais, en 9.006 (708 persoas máis que en 2013). A nivel estatal, continúa a elevada concentración das sociedades cooperativas en Cataluña e Andalucía, que en conxunto agrupan o 39,5% das cooperativas españolas e o 32% dos traballadores. Por volume de traballadores, cabe salientar o caso do País Vasco, onde con só o 7,6% das cooperativas existentes

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013				2014				14/13	
	Sociedades		Traballadores (2)		Sociedades		Traballadores		Sociedades	Traballadores
		(% / total)		(% / total)		(% / total)		(% / total)	(%)	
Andalucía	3.900	18,2	59.884	20,9	3.936	19,4	52.217	17,9	0,9	-12,8
Aragón	779	3,6	6.556	2,3	653	3,2	6.992	2,4	-16,2	6,7
Asturias	229	1,1	2.333	0,8	207	1,0	2.556	0,9	-9,6	9,6
Baleares	206	1,0	1.876	0,7	177	0,9	1.893	0,6	-14,1	0,9
Canarias	263	1,2	4.258	1,5	262	1,3	4.821	1,6	-0,4	13,2
Cantabria	75	0,4	1.062	0,4	80	0,4	1.212	0,4	6,7	14,1
Castela-A Mancha	1.313	6,1	10.636	3,7	1.344	6,6	11.767	4,0	2,4	10,6
Castela e León	1.250	5,8	8.138	2,8	1.225	6,0	8.946	3,1	-2,0	9,9
Cataluña	4.808	22,5	36.022	12,6	4.056	20,0	41.323	14,1	-15,6	14,7
C. Valenciana	2.541	11,9	47.806	16,7	2.547	12,6	48.749	16,7	0,2	2,0
Estremadura	612	2,9	5.338	1,9	631	3,1	5.505	1,9	3,1	3,1
Galicia	928	4,3	8.298	2,9	896	4,4	9.006	3,1	-3,4	8,5
Madrid	1.075	5,0	14.459	5,0	825	4,1	15.259	5,2	-23,3	5,5
Murcia	1.375	6,4	15.511	5,4	1.373	6,8	17.584	6,0	-0,1	13,4
Navarra	360	1,7	6.682	2,3	348	1,7	7.411	2,5	-3,3	10,9
País Vasco	1.536	7,2	56.251	19,6	1.532	7,6	54.954	18,8	-0,3	-2,3
Rioxa	124	0,6	1.205	0,4	131	0,6	1.662	0,6	5,6	37,9
Ceuta e Melilla	38	0,2	456	0,2	35	0,2	537	0,2	-7,9	17,8
Total	21.412	100	286.771	100	20.258	100	292.394	100	-5,4	2,0

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano
(2) o número de traballadores refírese aos centros de cotización
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.14.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013				2014				14/13	
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores		Sociedades	Traballadores
		(% / total)		(% / total)		(% / total)		(% / total)	(%)	
Andalucía	2.616	23,1	12.903	20,3	2.430	22,4	12.733	20,0	-7,1	-1,3
Aragón	421	3,7	1.614	2,5	422	3,9	1.695	2,7	0,2	5,0
Asturias	418	3,7	2.965	4,7	406	3,7	2.863	4,5	-2,9	-3,4
Baleares	117	1,0	723	1,1	111	1,0	821	1,3	-5,1	13,6
Canarias	346	3,1	1.693	2,7	325	3,0	1.614	2,5	-6,1	-4,7
Cantabria	113	1,0	931	1,5	111	1,0	979	1,5	-1,8	5,2
Castela -A Mancha	1.000	8,8	4.497	7,1	934	8,6	4.354	6,9	-6,6	-3,2
Castela e León	550	4,9	2.312	3,6	542	5,0	2.353	3,7	-1,5	1,8
Cataluña	974	8,6	5.986	9,4	925	8,5	6.047	9,5	-5,0	1,0
C. Valenciana	889	7,9	4.911	7,7	868	8,0	5.216	8,2	-2,4	6,2
Estremadura	281	2,5	1.305	2,1	290	2,7	1.323	2,1	3,2	1,4
Galicia	618	5,5	2.861	4,5	582	5,4	2.722	4,3	- 5,8	- 4,9
Madrid	1.252	11,1	7.397	11,7	1.218	11,2	7.361	11,6	-2,7	-0,5
Murcia	668	5,9	4.216	6,6	628	5,8	4.165	6,6	-6,0	-1,2
Navarra	341	3,0	2.374	3,7	331	3,1	2.360	3,7	-2,9	-0,6
País Vasco	674	6,0	6.519	10,3	659	6,1	6.648	10,5	-2,2	2,0
Rioxa	36	0,3	194	0,3	38	0,4	211	0,3	5,6	8,8
Ceuta e Melilla	8	0,1	71	0,1	8	0,1	71	0,1	0,0	0,0
Total	11.322	100	63.472	100	10.828	100	63.536	100	-4,4	0,1

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.15.

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2012-13: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2012		2013		2012		2013	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	60	263	45	222	1.006	3.895	892	3.444
Agrario	1	3	2	6	18	68	10	62
Non agrario	59	260	43	216	988	3.827	882	3.382
Industria	19	115	12	71	153	735	163	682
Construción	3	11	3	10	95	357	85	317
Servizos	37	134	28	135	740	2.735	634	2.383

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.16.

no conxunto do Estado, acolle case o 19% do total de traballadores deste tipo de sociedades, sendo a comunidade autónoma con maior número de socios.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,4% das sociedades cooperativas e o 3,1% dos traballadores neste tipo de empresas.

Ao longo do ano 2013 constituíronse en Galicia un total de 60 sociedades cooperativas, cun total de 417 socios iniciais, o que representou o 5,2% do total de cooperativas constituídas en España e o 5,6% dos socios. En relación ao ano anterior, increméntase en nove o número de cooperativas constituídas e diminúe en 81 o número de cooperativistas das mesmas.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 43 sociedades, por diante das nove cooperativas agrarias que rexistran 112 socios iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no último ano, 32 pertencen ao sector servizos, 8 á industria e 3 ao sector da construción.

No ano 2014 mantense a tendencia de anos anteriores, descendendo o número de sociedades laborais en España un 4,4% (494 sociedades menos) e un 5,8% en Galicia (36 menos). A 31 de decembro deste ano, das 10.828 sociedades (SA e SL) do conxunto do Estado, 582 estaban rexistradas en Galicia, o que representa o 5,4% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.722 socios iniciais, o que representa o 4,3% dos socios no conxunto do Estado (63.536 socios iniciais) (**cadro 3.1.15.**).

No ano 2013 redúcese en 15 o número de sociedades laborais rexistradas e en 41 o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 45 sociedades laborais (60 en 2012), que agruparon a 222 socios. Do mesmo xeito que acontece en Galicia, no conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, así Galicia acolle o 5%, do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 6,4% dos socios iniciais destas sociedades.

O sector servizos acolle en torno ao 62% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (28 sociedades) e o 60,8% dos socios (135 socios iniciais). No ano 2013, rexístrase unha nova sociedade laboral agraria, sete sociedades menos no sector industrial, nove sociedades menos no sector servizos, e mantense estable o número de sociedades laborais no sector da construción.

Finalmente, no concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.17.**, 58 de cada 100 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 42% teñen unha idade com-

Traballadores da economía social en Galicia e España 2014 (1): principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
				(%)		
sexo						
varóns	58,1	56,3	58,2	59,3	58,9	54,5
mulleres	41,9	43,7	41,8	40,7	41,1	45,5
idade						
menores de 25 anos	3,4	3,1	4,8	3,0	3,2	4,9
de 25 a 39 anos	38,9	37,7	45,3	35,4	39,1	39,9
de 40 a 54 anos	42,0	41,8	38,8	44,5	42,1	42,1
de 55 anos ou máis	15,7	17,5	11,1	17,1	15,6	13,1
nacionalidade						
española	97,2	98,6	95,3	97,1	97,1	91,6
estranxeira	2,8	1,4	4,7	2,9	2,9	8,4
tipo de relación						
indefinida	81,4	79,6	86,8	83,1	79,0	76,5
temporal	18,6	20,4	13,2	16,9	21,0	23,5
tipo de xornada						
tempo completo	82,1	78,3	87,1	87,9	78,9	80,2
tempo parcial	17,9	21,7	12,9	12,1	21,1	19,8
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	14,8	16,3	11,9	11,4	16,7	34,4
de 6 meses a 1 ano	8,9	9,7	11,5	6,8	8,2	6,8
de 1 a 3 anos	21,8	21,8	22,9	14,5	25,9	18,4
de 3 a 5 anos	8,7	10,0	7,7	10,2	6,9	8,4
máis de 5 anos	45,7	42,2	46,0	57,1	42,4	32,1
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	22,2	24,2	26,0	17,8	21,1	
6-10 traballadores	15,4	18,4	12,9	9,4	17,1	
11-25 traballadores	15,3	21,8	14,8	10,5	11,8	
26-50 traballadores	13,2	11,7	4,7	10,5	20,2	
51-100 traballadores	9,7	9,7	10,4	7,5	10,8	
101-250 traballadores	10,0	8,3	17,2	2,7	12,8	
máis de 250 traballadores	14,2	6,0	14,1	41,5	6,1	
sector de actividade						
agricultura	7,8	5,7	11,7	16,7	0,9	
industria	31,9	22,9	34,4	39,3	33,9	
construción	7,1	6,2	5,0	9,5	7,4	
servizos	53,2	65,2	48,9	34,4	57,7	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.17.

prendida entre 40 e 54 anos, e case un 39%, entre 25 e 39 anos; e 82% de cada 100 traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que máis da metade dos traballadores da economía social en Galicia (45,7%) –excluídos os autónomos– mantén unha relación superior a cinco anos (32,1% de media no conxunto do Estado) e que un 14,8% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (34,4% de media estatal).

O tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 37,6% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 42,6% na provincia de A Coruña), e no 24,2% das mesmas hai máis de cen traballadores (44,2% en Ourense).

O 53,2% do emprego total traballadores da economía social corresponde ao sector servizos, seguido da industria, con case 32 de cada 100 traballadores, da construción, co 7,8%, e da agricultura, co 7,1%. ❑

3.2.- Estrutura produtiva


Tras a saída da recesión económica no segundo semestre de 2013, a economía galega presenta no último ano unha taxa de variación interanual positiva do PIB a prezos de mercado, corrixidos de efectos estacionais, do 0,4%. Este incremento ven motivado polo comportamento do sector servizos e das ramas primarias (1,5% e 1,1%, respectivamente) que compensan a contracción do VEB experimentada pola construción (–1,7%) e sobre todo o sector industrial (2,5%), que no ano anterior, favorecido polo bo comportamento das exportacións, fora o único que presentou unha taxa de variación do seu VEB positiva (1,9%).

Tendo en conta o desigual ritmo de recuperación económica de Galicia e España, que rexistra unha medra do 1,4% no seu PIB, o peso relativo da economía galega no total estatal descende ata o 5,16%, tal e como se reflicte no **cadro 1.5.6.** *[Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2003-13]*.

O devandito crecemento da economía galega non ten o seu reflexo no mercado laboral atendendo á evolución da poboación ocupada. No último ano o volume de ocupación redúcese nun 0,3%, por mor da destrución de emprego nos sectores primario, industrial e na construción, que non é compensada pola medra experimentada no sector servizos (1,2% en relación ao ano anterior). En concreto as ramas agrarias e pesqueira perden o 10,1% da súa ocupación, as ramas industriais o 1,4% e a construción, o 0,9%.

En novembro de 2014 o Consello da Xunta aprobou a *Axenda da competitividade industrial, Galicia, Industria 4.0*, na que se propoñen accións de impulso á competitividade das empresas galegas, obxectivos estratéxicos e medidas para o tecido produtivo galego. En termos cuantitativos, o que pretende e aumentar o peso da actividade ata o 20% do PIB galego no horizonte do ano 2020, así como aumentar o emprego industrial en catro puntos, o que suporía máis de 50.000 novos ocupados na industria.

Axenda da competitividade industrial: Programas de impulso, obxectivos estratéxicos e medidas



Fonte: Xunta de Galicia, *"Galicia: industria 4.0. Axenda da competitividade industrial"*

3.2.1.

A Axenda contén 5 programas de impulso, un dirixido a mellorar os factores territoriais de competitividade, e catro dirixidos ao reforzo das persoas e das organizacións, ao crecemento empresarial, á innovación e á expansión de mercados e internacionalización. Estes obxectivos desenvólvense en 26 obxectivos estratéxicos e 60 medidas para a competitividade industrial de Galicia (**cadro 3.2.1.**).

No eido lexislativo, a nivel estatal cómpre mencionar a aprobación da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Ademais da mellora do acceso ao financiamento e o fomento da empregabilidade e a ocupación, esta Lei presenta como terceiro eixo fundamental o de fomentar a competitividade e o funcionamento eficiente dos mercados. Neste último eixe, a lei recolle medidas dirixidas a fomentar o comercio polo miúdo e a unidade de mercado, como poden ser, entre outras, as dirixidas á simplificación e racionalización administrativas, consagrando o procedemento integrado para a autorización comercial mediante a inclusión de todas as actuacións nun único procedemento que será competencia dunha soa autoridade, a redución do prazo para a resolución destes procedementos a tres meses, ou unha maior liberalización de horarios comerciais.

Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario en Galicia é un piar fundamental sobre o que se asenta a estrutura produtiva e territorial, considerándose como un sector estratéxico dada a súa relevancia tanto dende un punto de vista económico como social e medioambiental. En torno ao 85% da superficie territorial galega e ao 27% da poboación pertence ao medio rural.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia

PIB e emprego 2013-14: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2013	2014	2013	2014
	(taxas de variación interanuais)			
Total	-1,0	0,4	-3,6	-0,3
Ramas agraria e pesqueira	-0,6	1,1	-6,6	-10,1
Ramas industriais	1,9	-2,5	-4,7	-1,4
Construción	-4,3	-1,7	-10,4	-0,9
Servizos	-1,3	1,5	-2,2	1,2
Impostos netos sobre os produtos	-1,2	0,0		

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)
(2) emprego equivalente a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2008*

3.2.2.

VEB e PIB das CC.AA. 2014 (1): distribución segundo ramas de actividade

	PIB	VEB									
		Total		Agricultura, gandería e pesca		Industria		Construción		Servizos	
			(% VEB España)		(% VEB España)		(% VEB España)		(% VEB España)		(% VEB España)
Andalucía	141.703,7	129.561,3	13,4	6.340,1	26,4	16.566,6	9,8	8.015,6	14,9	98.639,1	13,7
Aragón	33.161,7	30.329,6	3,1	1.581,3	6,6	7.082,7	4,2	1.779,3	3,3	19.886,3	2,8
Asturias	21.440,6	19.560,0	2,0	283,4	1,2	4.199,1	2,5	1.270,8	2,4	13.806,7	1,9
Baleares	26.844,7	24.556,6	2,5	102,6	0,4	1.822,1	1,1	1.392,7	2,6	21.239,2	2,9
Canarias	41.523,0	37.984,8	3,9	609,3	2,5	3.290,7	1,9	1.771,4	3,3	32.313,4	4,5
Cantabria	12.229,4	11.142,1	1,2	186,2	0,8	2.494,6	1,5	760,9	1,4	7.700,5	1,1
Castela e León	53.988,9	49.293,6	5,1	2.347,7	9,8	10.978,0	6,5	2.937,0	5,5	33.030,9	4,6
Castela-A Mancha	37.844,0	34.684,2	3,6	2.573,3	10,7	7.845,8	4,6	2.312,3	4,3	21.952,9	3,0
Cataluña	199.785,7	183.240,8	18,9	1.993,8	8,3	38.047,5	22,5	8.775,4	16,4	134.424,1	18,6
C. Valenciana	99.345,1	90.799,6	9,4	1.996,9	8,3	17.010,9	10,1	5.743,7	10,7	66.048,1	9,2
Estremadura	17.226,7	15.804,4	1,6	1.010,1	4,2	2.242,3	1,3	1.140,3	2,1	11.411,8	1,6
Galicia	54.658,4	49.811,7	5,1	2.432,7	10,1	9.963,8	5,9	3.423,9	6,4	33.991,3	4,7
Madrid	197.698,9	181.606,5	18,8	158,8	0,7	19.649,7	11,6	7.919,3	14,8	153.878,7	21,3
Murcia	27.122,4	24.809,0	2,6	1.080,5	4,5	4.474,0	2,6	1.570,5	2,9	17.684,0	2,5
Navarra	17.887,4	16.346,0	1,7	570,8	2,4	5.173,1	3,1	851,9	1,6	9.750,2	1,4
País Vasco	64.295,3	58.783,4	6,1	431,7	1,8	15.905,5	9,4	3.460,9	6,4	38.985,3	5,4
A Rioxa	7.850,9	7.169,2	0,7	347,4	1,4	2.191,2	1,3	413,1	0,8	4.217,5	0,6
Ceuta e Melilla	2.987,3	2.745,8	0,3	3,5	0,0	139,6	0,1	133,1	0,2	2.469,6	0,3
Total	1.057.594,1	968.228,6		24.050,0		169.077,0		53.672,0		721.429,6	


(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en millóns de euros; datos de primeira estimación (consulta: 01-04-2014)
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010*

3.2.3.

polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) medrou un 1,1% en relación ao ano anterior, cando se rexistrara unha contracción do 0,6%. Dende a perspectiva trimestral, os datos das contas trimestrais elaboradas polo IGE amosan que ao longo de todo o ano 2014 continúan as taxas interanuais positivas de crecemento iniciadas xa no derradeiro trimestre do ano precedente. O incremento máis acusado experiméntase no segundo trimestre do ano, cunha medra do 2,4%.

En termos absolutos, os datos da Contabilidade rexional do INE (**cadro 3.2.3.**) indican que o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) descendeu en 2014 ata os 2.432,7 millóns de euros, un 4,4% inferior ao contabilizado no ano precedente. Esta contracción é significativamente inferior á experimentada a nivel estatal (–9,5%), co que o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total do Estado pasa do 9,6% no ano 2013 ao 10,1% no último ano.

VEB e emprego no sector primario 2000-2014 (1)



(1) VEB pm, prezos reais, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2008*

3.2.4.

Tras a devandita caída, a achega do sector primario ao valor engadido total da economía galega redúcese ata o 4,45%, porcentaxe similar á acadada nos anos 2011 e 2012, aínda que moi superior ao peso medio do sector na economía estatal, que se sitúa no 2,27% no ano 2014.

A gran importancia do sector primario en Galicia, non só desde unha perspectiva económica senón tamén social, obsérvase claramente en termos de emprego. Se ben no ano 2014 continúa o significativo proceso de axuste no sector, cunha redución do número de traballadores ocupados no conxunto das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e acuicultura en 8.300 persoas, un 11,1% respecto ao ano anterior, situándose en 66.100 persoas (4,9% da ocupación galega), vinte e dous mil menos que no ano 2010. Por contra, fronte a este descenso da actividade primaria, a industria da alimentación presenta un incremento de 3.800 persoas en 2014 acadando os 38.700 ocupados (3,9% do emprego total en Galicia), case mil cincocentos máis que no ano 2010. Asemade cómpre mencionar que a súa achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado foi do xx,x% no caso do sector primario e do % na industria.

No que atinxe á distribución xeral da terra, o **cadro 3.2.5.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 27,6% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 50,1%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 12,6% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 33,6%. Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 61,6% da superficie total galega, sendo esta porcentaxe do 37,6% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,6%, moi por riba do que representa a SAU (3,2%) ou a superficie cultivada (2,2%).

- **Subsector agrogandeiro**

Ademais do minifundismo, que condiciona de xeito fundamental a viabilidade e rendibilidade das explotacións, do forte proceso de axuste do sector, que se reflicte na redución do número de explotacións e do emprego agrario, e do esforzo de modernización e capitalización das explota-

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2014

	Galicia		España		Galicia / España
	(en ha.)	*(% / total)*	*(en ha.)*	*(% / total)*	*(%)*
Superficie Agraria Útil	816.585	27,6	25.358.429	50,1	3,2
Superficie cultivada	373.862	12,6	16.977.961	33,6	2,2
Cereais gran	37.958	1,3	6.473.150	12,8	0,6
Leguminosas gran	787	0,0	378.909	0,7	0,2
Tubérculos consumo humano	14.008	0,5	56.742	0,1	24,7
Industriais	199	0,0	1.025.875	2,0	0,0
Forraxeiras	228.623	7,7	974.958	1,9	23,4
Hortalizas e flores	2.603	0,1	229.038	0,5	1,1
Barbeitos	18.704	0,6	2.740.129	5,4	0,7
Frutais cítricos	194	0,0	299.478	0,6	0,1
Frutais non cítricos	18.919	0,6	1.023.426	2,0	1,8
Viñedos	26.022	0,9	963.644	1,9	2,7
Olivares	16	0,0	2.593.523	5,1	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	45.610	0,1	-
Viveiros	638	0,0	23.134	0,0	2,8
Invernadoiros baleiros	37	0,0	36.996	0,1	0,1
Hortos familiares	25.154	0,9	113.349	0,2	22,2
Prados e pasteiros	442.723	15,0	8.380.468	16,6	5,3
Superficie forestal	1.821.161	61,6	19.013.972	37,6	9,6
Chopo	1.125	0,0	134.770	0,3	0,8
Coníferas	321.767	10,9	5.514.217	10,9	5,8
Frondosas crecemento lento	321.831	10,9	3.812.104	7,5	8,4
Frondosas crecemento rápido	277.350	9,4	651.751	1,3	42,6
Coníferas e frondosas	275.363	9,3	1.973.421	3,9	14,0
Matorral	623.726	21,1	6.927.708	13,7	9,0
Outras superficies	319.721	10,8	6.221.146	12,3	5,1
Erial	69	0,0	919.773	1,8	0,0
Espartizal	-	-	222.563	0,4	-
Baldío	51.123	1,7	971.810	1,9	5,3
Improdutivo	35.728	1,2	1.084.424	2,1	3,3
Non agrícola	214.987	7,3	2.420.328	4,8	8,9
Augas interiores	17.813	0,6	602.248	1,2	3,0
Superficie total	2.957.468	100	50.593.547	100	5,8

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

3.2.5.

cións, outra das características salientables do sector agrario galego é a súa grande especialización gandeira. Así, os usos da superficie agraria útil mostran unha orientación cara á alimentación animal, destacando a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina o 61,2% da superficie cultivada e o 28% sa superficie agraria útil (SAU), e a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 54,1% da SAU.

A produción de leite de vaca incrementouse en Galicia no ano 2014 un 5,6% en relación ao ano anterior (135,9 mil toneladas máis) superando as 2.544,3 miles de toneladas, o que supón o 38,8% da produción total de leite do Estado español. Na campaña 2013/14, a cota leiteira dispoñible na Comunidade Autónoma de Galicia foi de 2.257,6 miles de toneladas, o que representa o 37,8% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 55,8% das explotacións con dereito a cota. A pesar da redución no volume total de toneladas por explotación con cota, que na última campaña ascendeu a 182,9 de toneladas (269,9 de toneladas de media no conxunto do Estado), Galicia segue a ser a C.A. con menor rateo cota/explotación, seguida de Asturias, con 220,6 toneladas de cota por explotación.

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2012-13 (1)

	2013		2014		14/13	
	(en miles de tm.)	*(%)*	*(en miles de tm.)*	*(%)*	*(%)*	*(en miles de tm.)*
Andalucía	448,1	6,8	479,3	7,3	7,0	31,2
Aragón	123,6	1,9	127,9	2,0	3,5	4,3
Asturias	526,4	8,0	554,8	8,5	5,4	28,5
Baleares	56,8	0,9	55,8	0,9	-1,8	-1,0
Cantabria	424,9	6,5	444,9	6,8	4,7	20,0
Castela e León	813,9	12,4	832,1	12,7	2,2	18,2
Castela-A Mancha	228,7	3,5	238,0	3,6	4,1	9,3
Cataluña	649,0	9,9	676,1	10,3	4,2	27,2
C. Valenciana	56,9	0,9	63,0	1,0	10,6	6,1
Estremadura	26,8	0,4	27,7	0,4	3,2	0,8
Galicia	2.408,4	36,8	2.544,3	38,8	5,6	135,9
Madrid	53,6	0,8	51,6	0,8	-3,7	-2,0
Murcia	50,6	0,8	55,8	0,9	10,3	5,2
Navarra	213,4	3,3	217,8	3,3	2,0	4,4
País Vasco	162,7	2,5	167,0	2,5	2,6	4,3
A Rioxa	16,5	0,3	16,5	0,3	0,1	0,0
Total	6.260,3	95,5	6.552,6	100,0	4,7	292,3

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais
Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

3.2.6.

Cotas leiteiras nas CC.AA. na campaña 2013-14: principais datos

	Cota leiteira		Transferencias		Cesións aprobadas	
	(nº explotacións)	*(en tm.)*	*(nº)*	*(en tm.)*	*(nº)*	*(en tm.)*
Andalucía	755	409.693,4	5	3.426	292	58.284
Aragón	90	84.826,3	1	574	29	5.847
Asturias	2.773	611.681,0	79	16.421	1.063	81.416
Baleares	188	73.406,2	1	152	95	13.103
Cantabria	1.823	453.232,9	49	7.355	687	62.344
Castela-A Mancha	282	175.679,4	4	1.555	69	12.062
Castela e León	2.088	764.311,3	27	6.971	817	109.927
Cataluña	788	558.301,5	19	14.970	289	66.309
C. Valenciana	27	39.787,0	-	-	3	1.155
Estremadura	118	30.424,7	-	-	65	6.574
Galicia	12.344	2.257.643,3	389	72.557	4.004	225.220
Madrid	78	59.363,1	2	2.432	40	11.907
Murcia	26	31.114,4	-	-	1	189
Navarra	242	194.990,3	6	2.008	78	11.636
País Vasco	511	220.728,4	11	3.887	253	38.542
A Rioxa	15	12.350,7	-	-	4	543
Total	22.148	5.977.533,8	593	132.308	7.789	705.058
Galicia / España *(%)*	55,7	37,8	65,6	54,8	51,4	31,9

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

3.2.7.

Prezo medio do leite en Galicia e España 2009-14 (1)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
			(en céntimos por litro)			
Galicia	28,74	29,02	30,05	31,80	34,90	35,10
España	30,02	30,26	32,23	30,10	35,30	36,20
Diferencial Galicia / España	-1,28	-1,24	-2,18	1,70	-0,40	-1,10

(1) prezos percibidos polos produtores
Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

3.2.8.

O prezo medio por litro de leite percibido polo produtor en Galicia continúa aumentando no ano 2014, aínda que se mantén por baixo da media española. Como reflicte o **cadro 3.2.8.**, no último ano o seu prezo situouse en 35,1 céntimos de euro, lonxe do prezo acadado nos anos 2007 ou 2008.

A aposta pola calidade e a especialización é un dos principais vectores nos que sustentar a recuperación e fortalecemento do sector agrogandeiro en Galicia. Neste senso, existen produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade nos ámbitos do viño, augardente e licores, carnes, queixos ou agricultura ecolóxica, entre outros.

No concernente á agricultura ecolóxica, que é un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo, a superficie inscrita en Galicia para a súa utilización na agricultura ecolóxica no ano 2014 descendeu un 2,8% para situarse nas 15.233,1 hectáreas. Este descenso explícase pola perda de superficie en A Coruña e Pontevedra (508,8 e 83,4 hectáreas menos), que compensan o incremento experimentado en Lugo, con case 120 hectáreas máis, e Ourense, con 37,6 hectáreas máis que no ano anterior. Tras esta evolución, Lugo acolle o 46,5% da superficie total e Ourense o 39,5%. Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que a meirande parte da superficie inscrita está dedicada a pastos e prados permanentes, con 11.607,7 hectáreas, seguido de cultivos permanentes, con 1.301,7 hectáreas (maiormente castañas, con 965,8 ha, e mazás, con 240,4 hectáreas).

En termos monetarios, o volume de negocio medrou no ano 2014 por riba do 20%, acadando os 31,1 millóns de euros, 5,3 máis que no ano precedente. Os produtos lácteos foron os que máis volume de ventas certificadas obtiveron, con 9,5 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados, con 3,8 millóns, e os pensos e alimentación animal e conservas de pescado, cun volume de negocios en torno aos 3,7 millóns de euros.

- **Subsector mar-industria**

O número total de embarcacións inscritas a 31 de decembro de 2014 no Rexistro de Buques de Galicia descende ata os 5.778 buques, un 1,3% menos que na mesma data do ano anterior (77 embarcacións), dos que 4.506 son buques de pesca extractiva e marisqueo (flota da 3ª lista) e 1.272, buques pesqueiros e marisqueiros (flota da 4ª lista).

No que atinxe aos buques da 3ª lista, no último ano 2014 mantense a tendencia de moderado descenso no número de unidades, rexistrándose unha caída das embarcacións do 1,7%. Esta baixada afecta tanto ás embarcacións do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, que acolle a 4.317 embarcacións, un 1,2% menos que o 31 de decembro do ano anterior, como ás pesqueiras internacionais, con 113 buques, e pesqueiras comunitarias, con 76 buques. En termos relativos, as pesqueiras comunitarias presentan un descenso do 12,6% e as internacionais do 5%.

Dos devanditos 4.506 buques pesqueiros e marisqueiros rexistrados o 31 de decembro, o máis importante en canto a número de unidades é o segmento de frota de artes menores, con 3.970 embarcacións, e dentro deste colectivo, a arte con maior presenza é o marisqueo dende embarcación, que é a arte autorizada para o 65% das embarcacións de artes menores.

Con respecto aos buques auxiliares de pesca e de acuicultura, mantense a cifra de 1.272 embarcacións rexistradas, concentrándose esta frota na zona III-ría de Arousa, que concentra o 70% destas embarcacións, por diante de Coruña-Ferrol (zona IV) e Vigo

Actividade pesqueira e marisqueira 2013-14: distribución segundo grandes grupos de especies

	Produción			Valor		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Total	161.238.134	187.088.955	16,0	411.333.033	431.755.295	5,0
Algas	160.553	73.001	-54,5	97.537	66.126	-32,2
Bivalvos	6.980.915	5.914.751	-15,3	51.072.934	53.026.089	3,8
Cefalópodos	14.519.150	7.301.656	-49,7	30.386.372	24.504.532	-19,4
Crustáceos	939.487	953.339	1,5	16.160.722	16.273.357	0,7
Equinodermos	596.989	534.811	-10,4	1.823.495	1.757.472	-3,6
Gasterópodos	4.582	4.012	-12,4	14.899	9.989	-33,0
Peixes	137.745.772	171.947.197	24,8	310.913.407	335.276.074	7,8
Poliquetos	4.567	-	-100,0	234.569	-	-100,0
Resto das descargas	286.118	360.187	25,9	629.098	841.656	33,8
A Coruña	85.972.984	100.328.246	16,7	162.812.875	167.251.127	2,7
Algas	11.255	23.325	107,2	14.105	28.564	102,5
Bivalvos	3.328.913	2.702.877	-18,8	21.704.680	22.664.791	4,4
Cefalópodos	9.503.973	4.409.699	-53,6	18.189.274	13.648.167	-25,0
Crustáceos	595.900	596.505	0,1	9.952.612	9.679.884	-2,7
Equinodermos	329.930	271.627	-17,7	933.946	776.869	-16,8
Gasterópodos	82	15	-82,2	408	15	-96,4
Peixes	72.065.895	92.190.634	27,9	111.598.114	120.255.953	7,8
Poliquetos	3.267	-	-100,0	196.291	-	-100,0
Resto das descargas	133.769	133.564	-0,2	223.444	196.885	-11,9
Lugo	33.744.006	42.880.581	27,1	102.131.554	112.946.619	10,6
Algas	-	-		-	-	
Bivalvos	9.773	13.130	34,3	21.419	28.074	31,1
Cefalópodos	1.173.420	330.363	-71,8	2.559.482	1.375.694	-46,3
Crustáceos	35.469	38.305	8,0	607.289	653.447	7,6
Equinodermos	13.021	10.577	-18,8	39.266	39.890	1,6
Gasterópodos	1.685	1.703	1,0	2.736	2.695	-1,5
Peixes	32.393.115	42.280.592	30,5	98.548.350	110.252.180	11,9
Poliquetos	-	-	-	-	-	-
Resto das descargas	117.523	205.911	75,2	353.012	594.639	68,4
Pontevedra	41.521.143	43.880.128	5,7	146.388.604	151.557.549	3,5
Algas	149.298	49.676	-98,6	83.431	37.562	-55,0
Bivalvos	3.642.229	3.198.744	-16,7	29.346.835	30.333.223	3,4
Cefalópodos	3.841.757	2.561.595	731,4	9.637.615	9.480.672	-1,6
Crustáceos	308.119	318.529	25,4	5.600.822	5.940.026	6,1
Equinodermos	254.038	252.607	-0,6	850.282	940.713	10,6
Gasterópodos	2.815	2.295	-18,5	11.755	7.279	-38,1
Peixes	33.286.761	37.475.971	12,6	100.766.942	104.767.941	4,0
Poliquetos	1.300	-	-100,0	38.278	-	-100,0
Resto das descargas	34.825	20.712	-40,5	52.643	50.132	-4,8

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar, *Plataforma tecnolóxica da pesca*

3.2.9.

(zona I), co 12,6% e 8,2%, respectivamente. Deste xeito, obsérvase como catro portos da ría de Arousa –O Grove, A Illa de Arousa, Rianxo e Cabo de Cruz-Boiro– concentran case a metade (46,1%) do conxunto da frota auxiliar de Galicia.

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas mellora no ano 2014 en relación ao ano anterior, ascendendo a súa produción total a 187,1 miles de toneladas, un 14,5% máis que no ano 2013, e acada un valor de 431,8 millóns de euros, un 4,4% superior ao exercicio precedente. Tanto en volume de produción como no valor da mesma, os peixes segue sendo o grupo de especies máis importante, ao representar o 91,9% da produción e o 77,7% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a súa produción aumenta case un 25% e o seu valor, un 7,8% (**cadro 3.2.9.**).

A lonxa do porto de Vigo continúa sendo a

Actividade pesqueira e marisqueira 2013-14: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Vigo	33.042.891	33.984.835	2,9	100.751.446	102.116.572	1,4
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	39.935.035	49.365.455	23,6	82.977.197	82.038.049	-1,1
Burela	19.381.224	25.228.063	30,2	58.719.581	66.724.039	13,6
Celeiro	14.342.643	17.626.951	22,9	43.286.001	46.065.234	6,4
Ribeira	27.705.520	29.617.865	6,9	33.288.154	34.729.958	4,3
Cedeira	802.517	2.289.695	185,3	4.596.732	8.912.653	93,9
Noia	1.651.855	991.111	-40,0	8.609.253	7.535.295	-12,5
O Grove	700.491	798.304	14,0	5.998.986	7.268.468	21,2
Cambados	1.555.106	1.648.803	6,0	5.598.612	6.680.369	19,3
A Illa de Arousa	487.794	557.974	14,4	4.686.065	6.273.733	33,9
Muros	2.383.899	3.836.726	60,9	4.336.029	5.451.656	25,7
Portosín	6.930.991	5.834.775	-15,8	6.497.129	3.774.405	-41,9
Carril	899.086	439.557	-51,1	6.317.338	3.770.699	-40,3
Marín	1.600.150	1.203.890	-24,8	3.511.706	3.188.849	-9,2
Bueu	770.634	720.011	-6,6	2.436.320	3.162.487	29,8
Camariñas	1.876.637	2.796.175	49,0	2.988.955	2.939.420	-1,7
Malpica	1.080.965	2.145.971	98,5	2.624.696	2.828.121	7,8
Cangas	422.716	331.991	-21,5	2.449.521	2.814.719	14,9
Vilanova	182.325	286.537	57,2	1.740.699	2.805.210	61,2
Campelo	593.651	292.296	-50,8	4.449.907	2.666.773	-40,1

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar, *Plataforma tecnolóxica da pesca*

3.2.10.

máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con máis de 102 millóns de euros, un 1,4% máis que no ano anterior. En termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.), tras unha medra do 23,6%, é a que máis tonelaxe rexistra, con máis de 49 mil toneladas no ano 2014, seguida da lonxa de Vigo, con 34 mil toneladas. Comparado coa actividade no conxunto da Comunidade Autónoma, a lonxa do porto de Vigo acolle o 23,7% do valor total (18,2% da produción) e a de A Coruña representa o 26,4% da produción (19% do valor total). As diferenzas de valor das especies vendidas nas lonxas de Vigo e A Coruña (Lonja Coruña, S.A.) explican este maior valor xerado na lonxa de Vigo malia o maior volume negociado na lonxa de A Coruña.

O subsector acuícola en Galicia no ano 2013 (último dato dispoñible) acolle un total de 15.154 empregos (3.666 unidades de traballo anual), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o 80,6% do total do emprego do sector a nivel estatal e o 64,2% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Cataluña, con 1.003 persoas empregadas.

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2014 ascenden a 165,9 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e a 121 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Estes pagos representan o 3% do total estatal para o FEAGA e o 8,1% no caso do FEADER (**cadro 3.2.12.**).

Os beneficiarios dos dereitos de pago único ascenden no último ano a 35.998, o 4,2% do total estatal, e o valor medio dos dereitos de pago único por beneficiario en Galicia é de 3.203 euros, moi por baixo da media no Estado, que se sitúa en 5.164 euros.

En canto ao pagos certificados e remitidos á Comisión no ano 2014 correspondentes ao

Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2013

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	(UTA) (1)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
Andalucía	519	672	32	52	551	724
Aragón	38	46			38	46
Asturias	37	45	3	5	40	50
Baleares	82	181	1	3	83	184
Canarias	170	215			170	215
Cantabria	51	59	15	28	66	87
Castela-A Mancha	48	53			48	53
Castela e León	138	148	3	3	141	151
Cataluña	155	887	31	116	186	1.003
C. Valenciana	314	420	2	4	316	424
Estremadura	31	97	2	13	34	110
Galicia	1.742	5.295	1.924	9.859	3.666	15.154
Madrid	-	-	-	-	-	-
Murcia	313	530			313	530
Navarra	24	33	1	1	25	34
País Vasco	6	8			6	8
A Rioxa	31	32			31	32
Total	3.700	8.720	2.014	10.084	5.714	18.805

(1) UTA: unidades de traballo anual

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.2.11.

Axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2014

			Galicia	España	Galicia/España
					(%)
Pago de fondos UE					
FEAGA (1)	*exercicio 2014 (16/10/13 ao 15/10/14)*	*(en millóns de euros)*	165,9	5.492,9	3,02
Axudas acopladas á gandería bovina			20,1	248,5	8,09
FEADER (2)+ importe nacional			121,4	1.492,5	8,13
Dereitos de pago único					
Beneficiarios	*2014*	*(en millóns de euros)*	35.998	865.554	4,16
Dereitos			446.600	17.109.335	2,61
Importe total dos dereitos			115,3	4.470,0	2,58
Valor medio segundo dereito		*(en euros)*	258,2	261,3	
Valor medio segundo beneficiario			3.203,0	5.164,0	

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, *Análisis y prospectiva en medio ambiente, agricultura, pesca, alimentación y desarrollo rural*

3.2.12.

Fondo Europeo de Pesca no período de programación 2007-2013, o gasto público total ascendeu en Galicia a 45,5 millóns de euros, o que supón o 37,4% do total estatal.

– *Comercio exterior*

O valor total das exportacións de produtos alimenticios experimenta unha medra do 1,5% no ano 2014 para situarse nos 2.273 millóns de euros, o 6,1% do total estatal. Entre os diferentes produtos sobresae a importancia relativa da pesca, que a pesar do concernente ás importacións, o seu valor mantense practicamente constante en 2014, acadando os 2.418,1 millóns de euros (0,2% máis que no ano precedente), o que supón o 8,5% do valor total das compras españolas de alimentos. Ao igual que no caso das exportacións, os produtos máis importantes corresponden á pesca, que supoñen o 71,7% (1.733,8 millóns de euros) das compras galegas, seguido polos cereais, co 9% (216,5 millóns). Atendendo ao seu peso no total estatal, a pesca supón o 33,8% das importacións españolas dos produtos pesqueiros, por diante dos cereais, cun peso relativo do 8,8%.

- **Subsector silvicultura-madeira**

Ao longo do ano 2013, o número total de propietarios que cortaron madeira ascendeu a cerca de 70.000, o que supón un incremento do 29% en comparación co ano anterior. O volume total de cortas realizadas no monte galego ascendeu no 2013 a 7,8 millóns de metros cúbicos, unha cifra similar á do ano anterior. O 9% das familias galegas obtiveron no ano 2013 unha renda pola venda de madeira, o que, de xeito estimado, supón en torno a 280 millóns de euros por este concepto.

O sector en Galicia está composto por 3.000 empresas, o 37% de primeira transformación e o 63% da segunda transformación da madeira, que dan conxuntamente emprego directo a 20.000 traballadores, ascendendo o emprego indirecto a 50.000 persoas. En torno ao 6,6% da poboación activa galega traballa no sector.

A facturación conxunta da industria da madeira e do moble en Galicia no ano 2013 acadou, segundo os datos facilitados polo Cluster forestal, os 1.668 millóns de euros. Así, despois de tres anos de caída na facturación, en 2013 a industria forestal galega parece iniciar unha leve recuperación, cun crecemento do 2,6%. Este crecemento susténtase nunha tímida recuperación da demanda nacional e na consolidación dos mercados internacionais.

No ano 2013 a facturación conxunta da industria da primeira transformación da madeira en Galicia (rematantes, serradoiros, taboleiro e pasta) ascendeu a 1.299 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,7% respecto ao ano anterior. A industria da carpintería e moble facturou 369 millóns de euros no ano 2013, o que representa un 7% menos que no ano 2012. O negocio da industria de segunda transformación de Galicia aporta o 7,5% do total da industria española do moble e carpintería.

No que atinxe ás exportacións de madeira e moble, Galicia sitúase por segundo ano consecutivo como a Comunidade Autónoma con maior volume de negocio, con 567,8 millóns de euros, un 0,5% menos que no ano anterior. As exportacións de produtos da madeira medraron un 0,4% para situarse en 429,5 millóns de euros, mentres que as de mobles descenderon un 3,3% en Galicia acadando os 138,3 millóns de euros. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 19,6% das exportacións totais, sendo esta porcentaxe do 35,5% no caso dos produtos da madeira e do 8,2% no das exportacións de mobles.


Sector industrial

A evolución da xeración do valor engadido bruto (VEB) no sector, o índice de produción industrial, o emprego, o índice de pedidos do sector industrial e o índice de confianza empresarial son indicadores que nos permiten obter unha visión do sector no seu conxunto. Neste contexto xeral analizarase a continuación a situación das principais ramas de actividade industrial da economía galega.

Segundo os datos da Contabilidade trimestral de Galicia, o sector industrial, incluída a enerxía, presentou no último ano unha forte contracción da súa actividade económica, rexistrando taxas de variación interanuais negativas do –2,5%. Se no ano 2013 foi o único sector de actividade que tivo unha senda de crecemento positivo, en 2014 sitúase como o sector con peor comportamento. Esta redución do VEB da industria *[**cadro 1.2.1.** PIB 2012-13: distribución segundo as súas compoñentes]* rexístrase ao longo de todo o ano, acadando no terceiro trimestre unha variación negativa do 3%.

En termos monetarios, o valor engadido

VEB e emprego na industria 2000-2014 (1)



(1) VEB pm, prezos reais, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2015)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2008*

3.2.13.

bruto xerado polas ramas industriais no ano 2014 acadou os 9.963,8 millóns de euros segundo os datos publicados polo INE na Contabilidade rexional de España. A súa importancia relativa no total estatal descendeu ata o 5,9%, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior peso, por detrás de Cataluña (22,5%), Madrid (11,6%), a Comunidade Valenciana (10,1%), Andalucía (9,8%), País Vasco (9,4%) e Castela e León (6,5%).

O sector industrial achega o 18,23% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo o 13,30% no caso da industria manufactureira. Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado onde o sector industrial (incluída a enerxía) representa o 15,97% do PIB e a industria manufactureira o 12,03%.

O índice de produción industrial (IPRI) é un indicador de carácter conxuntural que mide a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. O mal comportamento do sector industrial no ano 2014 reflíctese tamén nunha caída do IPRI do 4%, converténdose Galicia na Comunidade Autónoma co maior descenso. Como se reflicte no **cadro 3.2.14.**, o conxunto do Estado presenta un crecemento do 1,4% no mesmo período de tempo.

Atendendo ao destino económico dos bens, no último ano todos os subsectores rexistraron en Galicia un descenso. Os bens de equipo presentaron a caída máis acusada, cun –11% en relación ao ano anterior, seguido polos bens de consumo con –7,8%. Por contra, o menos acusado foi nos bens intermedios, cunha redución do –0,3%. No conxunto do Estado tan só descende no caso dos bens de consumo duradeiro e na enerxía, se ben en ambos os dous caso de xeito menor que en Galicia.

A industria manufactureira galega presenta no último ano unha caída do 4,3% respecto ao ano anterior (medra 2,2% no conxunto do Estado). Entre as distintas ramas de actividade, cómpre mencionar os descensos experimentados pola industria de fabricación doutro material de transporte, co –35,3% en relación ao ano anterior, e pola industria de confección de roupa de vestir, cun –21,3%. Por contra, o **cadro 3.2.16.** amosa que os maiores crecementos


Índice de produción industrial de Galicia e España 2014

	Galicia			España		
	índice	variacións 14/13 (1) (%)	variacións Interanual decembro (2) (%)	índice	variacións 14/13 (1) (%)	variacións Interanual decembro (2) (%)
Xeral	81,0	-4,0	1,4	85,3	1,4	2,1
Bens de consumo	87,1	-1,8	8,5	87,3	1,9	3,6
B. consumo duradeiro	62,1	-7,8	0,8	62,2	-1,7	7,3
B. consumo non duradeiro	89,0	-1,5	8,9	90,2	2,2	3,3
Bens de equipamento	57,9	-11,0	-1,6	86,5	1,1	2,1
Bens intermedios	72,0	-0,3	1,1	76,7	3,2	5,5
Enerxía	127,6	-3,5	-1,9	95,5	-1,6	-3,9

(1) variación interanual no mes de decembro
(2) variación no conxunto do 2013 en relación ao mesmo período do ano anterior
Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.2.14.

Índice de produción industrial en Galicia e España 2008-14



Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.2.15.

corresponden á fabricación de bebidas (19%), artes gráficas e reprodución (7,4%) e á industria química (6,4%).

En termos de emprego, o 31 de decembro de 2013, o sector industrial en Galicia tiña 131.125 afiliados á Seguridade Social, 2.238 afiliacións menos que na mesma data do ano anterior. Este descenso de ocupación ven explicado en gran parte pola perda de afiliacións nas ramas de fabricación de vehículos de motor (763 afiliacións menos), fabricación doutros produtos minerais non metálicos (–535 afiliacións) e nas de confección de roupa de vestir e fabricación doutro material de transporte (–339 e –302 afiliacións, respectivamente), que superan o incremento experimentado en ramas de actividade como na industria da alimentación (623 afiliacións máis que no ano precedente) ou na metalurxia (104 afiliacións máis).

No que atinxe ao indicador de confianza empresarial, que amosa a percepción subxectiva dos propios empresarios sobre a evolución futura das súas actividades, as expectativas dos empresarios melloran ao

Índice de produción industrial 2014: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións 14/13		Variacións interanuais decembro	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)		(%)	
Total	-4,0	1,4	1,4	2,1
B Industrias extractivas	5,0	0,2	35,0	10,1
08 Outras industrias extractivas	5,0	0,8	35,0	18,5
C Industria manufactureira	-4,3	2,2	2,9	3,8
10 Industria da alimentación	5,3	3,9	1,5	0,7
11 Fabricación de bebidas	19,0	3,8	32,9	6,2
13 Industria téxtil	-7,8	2,4	-48,4	4,8
14 Confección de roupa de vestir	-21,3	-6,3	10,2	5,8
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	0,3	4,5	-5,0	2,9
17 Industria do papel	-2,8	-0,2	-15,3	3,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	7,4	-1,4	-25,9	7,4
19 Coquerías e refinación de petróleo	-9,4	1,4	32,3	3,0
20 Industria química	6,4	4,6	56,6	15,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-2,0	4,6	10,9	5,1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,0	2,1	16,4	1,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	-3,9	4,2	-10,1	1,3
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-3,5	-1,1	-8,1	-0,1
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-5,7	3,2	-25,4	11,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	2,9	-5,6	164,4	-12,0
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-0,9	8,1	-4,9	7,7
30 Fabricación doutro material de transporte	-35,3	-0,6	-24,5	23,0
31 Fabricación de mobles	-7,6	-1,9	3,1	6,5
32 Outras industrias manufactureiras	-4,5	5,1	5,8	11,7
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-4,1	-2,4	-4,6	-3,9
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-4,1	-2,4	-4,6	-3,9

Fonte: IGE, *Índice de produción industrial*

3.2.16.

longo do ano 2014 tanto en Galicia como no conxunto do Estado segundo se desprende dos datos do Índice Galego de Confianza Empresarial. Este índice permite coñecer a opinión dos responsables das empresas sobre a evolución no trimestre de referencia e no trimestre seguinte dun conxunto de variables que fan referencia á actividade empresarial. Este indicador elabórase en base ao Directorio de empresas do IGE, que exclúe ás empresas con actividade principal nas seccións de agricultura, gandería, silvicultura e pesca, Administración pública e defensa e os organismos extraterritoriais, así como ás empresas con 5 ou menos asalariados ou cooperativas, entre outras.

O índice de confianza empresarial harmonizado reflicte, tanto a nivel galego como estatal, melloras ao longo de todo a ano 2014 en relación ao primeiro trimestre de 2013, que funciona de referente do indicador (**cadro 3.2.17.**).

No que atinxe ás vendas da produción da industria manufactureira galega medrou no ano 2013 (último dispoñible) un 3,6% respecto ao ano anterior, acadando un valor de 24.733,4 millóns de euros, o 7,1% do total estatal. As actividades de alimentación, bebidas e tabaco (27,7% do total), material de transporte (24,1%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (13,4%) son as agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia.

Polo seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan máis do 18,6% das vendas do conxunto do Estado, seguida das actividades de material de transporte, que supoñen o 12% das vendas totais estatais desta agrupación.

Antes de analizar os 3 subsectores considerados estratéxicos na economía galega

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2013-14 (1)

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA
2013						
I	-44,3	-47,3	100,0	-46,7	-50,1	100,0
II	-51,0	-43,8	98,9	-47,0	-38,7	103,6
III	-38,4	-33,4	106,4	-35,5	-33,1	109,3
IV	-20,5	-26,0	114,6	-28,5	-28,8	113,0
2014						
I	-27,9	-31,9	110,3	-25,8	-28,7	113,9
II	-29,8	-17,5	114,3	-26,3	-14,8	118,3
III	-19,8	-11,0	119,7	-15,4	-11,7	123,0
IV	-12,9	-16,6	120,1	-13,7	-12,8	123,2

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEA = Índice de Confianza Empresarial Armonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.2.17.

Vendas de produtos da industria manufactureira 2013: distribución segundo agrupacións de actividade


	Valor		
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(Galicia/España)*
Alimentación, bebidas e tabaco	6.857.343	27,7	8,4
Textil e confección	1.193.074	4,8	18,3
Coiro e calzado	139.485	0,6	5,0
Madeira e cortiza	627.489	2,5	18,8
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	507.677	2,1	3,5
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	3.302.002	13,4	4,2
Manufacturas de caucho e plástico	552.216	2,2	3,9
Produtos minerais non metálicos	554.553	2,2	5,2
Produción, 1º transformación e fundición de metais	1.935.046	7,8	8,1
Produtos metálicos	1.040.966	4,2	4,8
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	422.283	1,7	3,4
Maquinaria e equipo	597.662	2,4	4,4
Material de transporte	5.962.721	24,1	12,0
Mobles e outras industrias manufactureiras	332.406	1,3	5,9
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	708.428	2,9	7,6

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

3.2.18.

(enerxético, automoción e naval), cómpre sinalar a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais. Dende o segundo semestre de 2007 ata o primeiro de 2014 o prezo da electricidade en España non só se incrementou a un ritmo superior ao da media da UE-28, senón que este último segue sendo inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Non obstante, este diferenza redúcese a medida que o rango de consumo é superior. Así, en consumos inferiores a 20 megavatios hora, o prezo na UE (excluído impostos) representa o 57,4% do prezo en España, situándose esta porcentaxe en torno ao 75% no caso de consumos entre 20 e 2.000 megavatios, ou aproximadamente o 97% no caso dos consumos superiores a 20.000 megavatios.

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2007-14



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh
Fonte: EUROSTAT

3.2.19.

Produción de enerxía eléctrica en Galicia e España 2012-13 (1)

Produción bruta en centrais de 1000 kW ou máis

	2012				
	Total	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	29.343.862	4.289.986	8.105.237	16.803	16.931.836
España	288.894.008	21.882.352	47.593.906	11.373.522	208.044.228
	2013				
	Total	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	32.866.484	9.342.464	9.604.908	19.489	13.899.623
España	276.145.447	38.586.199	53.890.881	12.664.299	171.004.068

Produción dispoñible en centrais de 1000 kW ou máis

	2012					
	Total	Bombeo	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	28.071.651	317.175	3.908.495	8.003.615	16.637	16.142.904
España	273.568.314	4.314.988	17.262.762	46.902.668	11.260.642	198.142.242
	2013					
	Total	Bombeo	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	31.499.590	432.280	8.786.141	9.459.574	19.256	13.234.619
España	261.173.630	5.142.441	32.994.834	52.930.639	12.506.511	162.741.646

(1) datos provisionais; en MWh
Fonte: Ministerio de Industria, Enerxía y Turismo, *Estadísticas eléctricas*

3.2.20.

• Subsector enerxético

No que respecta ao subsector enerxético, no ano 2013 a produción dispoñible de enerxía eléctrica foi un 12,2% superior á do ano anterior (4,5% de redución de media no conxunto do Estado), para situarse nos 31.500 xigavatios-hora.

Tal como se reflicte no **cadro 3.2.20.**, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2013 prodúcese un incremento na produción dispoñible de enerxía por todos os métodos de produción, agás na produción termoeléctrica.

O total de enerxía eléctrica dispoñible en centrais de 1.000KW ou máis en Galicia representa o 12,1% do total estatal, en concreto, a produción dispoñible de enerxía

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2013-14

2013

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
		(en tm.)		
Galicia	2.715.691	253.433	1.917.843	544.414
A Coruña	1.035.978	101.518	727.396	207.065
Lugo	638.103	29.355	322.935	285.813
Ourense	342.561	31.151	281.007	30.403
Pontevedra	699.049	91.409	586.507	21.132
España	33.475.126	4.651.029	26.552.553	2.271.544
Galicia/España *(%)*	8,1	5,4	7,2	24,0

2014

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
		(en tm.)		
Galicia	2.556.315	240.865	1.847.552	467.898
A Coruña	1.014.419	98.195	711.340	204.884
Lugo	562.371	28.049	312.565	221.757
Ourense	315.296	28.344	264.997	21.955
Pontevedra	664.230	86.278	558.651	19.301
España	33.262.018	4.612.920	26.549.392	2.099.706
Galicia/España *(%)*	7,7	5,2	7,0	22,3

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.2.21.

hidroeléctrica en Galicia representa o 26,6% do total estatal. Esta produción aumentou no ano 2013 máis dun 124% en relación ao ano 2012, incrementándose de media a nivel estatal un 91%.

A produción de enerxía eólica é a segunda en importancia por detrás da produción de enerxía termoeléctrica. A enerxía eólica aumentou a súa produción en Galicia un 17,9%, fronte ao aumento do 12,8% no conxunto do Estado.

A principal suministrador de enerxía eléctrica son as centrais termoeléctricas, que acadan no ano 2013 unha produción de 13.235 e 162.742 xigavatios/hora en Galicia e España, respectivamente. Así, a pesar da redución de produción de enerxía termoeléctrica no último ano, con caídas en torno ao 18% tanto en Galicia como de media no Estado, este tipo de centrais supoñen o 42% da produción total de enerxía dispoñible en Galicia no ano 2013 e o 62,3% da produción total estatal.


No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos, este continúa coa tendencia descendente de anos anteriores. Neste senso, a demanda de produtos petrolíferos en Galicia experimentou unha diminución do 5,9% respecto ao ano anterior (0,6% no conxunto do Estado), acadando as 2.556,6 miles de toneladas métricas, o que representa o 7,7% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.2.21.**, o devandito descenso prodúcese tanto no consumo tanto de gasolinas (5% menos) como dos gasóleos (–3,7%) e fuel óleos (–14,1%).

Durante o 2013, e igual que aconteceu en anos anteriores, os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 72,3% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 18,3% e do 9,4%, respectivamente.

- **Industria da automoción**

A diferenza do acontecido no ano anterior, o ano 2014 pechou cun descenso tanto na facturación das empresas de automoción como no emprego. Segundo os datos facili-


Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2005-14 (1)



(1) facturación en millóns de euros
Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.2.22.

Construción naval nos asteleiros galegos 2008-14: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*

3.2.23.

tados por Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA), as empresas que compoñen o clúster de automoción contaban a 31 de decembro do último ano cun total de 18.150 empregos directos, un 4% menos que na mesma data do ano anterior, sendo esta cifra a máis baixa dende que comezou a crise. En relación ao conxunto da industria, a automoción representa o 12% do emprego industrial galego.

A facturación do sector descendeu un 2,8% no último ano en relación ao ano 2013, xerando un total de 7.600 millóns de euros, dos que o 73% (5.520 millóns de euros) procede de exportación (71% no exercicio anterior).

A produción de vehículos en Galicia supón en 2014 cerca do 16% da produción estatal, o que converte ao Centro de Vigo PSA Peugeot Citroën na segunda planta con maior produción de España tras Seat Martorell (18,4%).

No ano 2013 matriculáronse en Galicia, segundo datos da Axencia Tributaria, un total de 30.492 vehículos, o 4,4% do total estatal, o que supón un 8,8% máis que no ano anterior. Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con máis matriculacións, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e Baleares.

- **Industria naval**

Por mor da crise económica e dos problemas derivados do tax-lease, Galicia deixa de ser líder do sector en España e sitúase un ano máis no terceiro posto en canto a contratos e carteira de pedimentos, por detrás do País Vasco e Asturias. No que atinxe aos novos contratos, se en 2013 os estaleiros galegos pecharon o ano sen sumar novos contratos, en 2014 asináronse seis novos contratos, fronte aos once de Asturias e o País Vasco, sendo non obstante os buques máis grandes, cunha tonelaxe bruta de 55.921 GT, a metade do sector español. A carteira de pedidos dos estaleiros galegos ascende no ano 2014 a 9 buques, seis máis que no ano anterior, o que representa o 33% do total estatal, lonxe dos 20 rexistrados no País Vasco (acolle o 43%) e dos 19 de Asturias (o 24%).

En relación á actividade produtiva en 2014, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probas oficiais), indica que a tonelaxe bruta dos estaleiros galegos foi de case 18.000 GT, por detrás das 19.132 de Asturias e as 29.269 do País Vasco.


Construción

Ao longo do ano 2014 o sector da construción continúa rexistrando as taxas de variacións negativas iniciadas en 2008 coa crise financeira e a ruptura da burbulla inmobiliaria. Esta rama de actividade contráese un 1,7%, se ben a medida que avanza o ano se ralentiza a súa caída e no cuarto trimestre de 2014 o valor engadido bruto xerado redúcese un 0,2%. En termos reais o veb sitúase por baixo do nivel rexistrado no ano 2002.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 6,38% do VEB total xerado por este sector en España, unha décima menos que no ano anterior. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (6,26% en Galicia e 5,07% de media en España, datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional INE).

A crise no sector da construción ten un reflexo directo no mercado de traballo, que presenta unha destrución de emprego tanto en termos de traballo equivalente a tempo completo como de ocupación estimada. As contas económicas reflicten un descenso do

VEB e emprego na construcción 2000-2014 (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2015)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2008*

3.2.24.

0,9% do traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa nas 71.000 persoas, sendo este nivel, un 53,7% inferior ao ano previo á crise (82.188 empregos menos) e case un 39% en relación ao ano 2000 (44.861 empregos menos). Os datos da EPA estiman no último ano unha caída do 3,2% en relación ao ano precedente (2.200 ocupados menos), acadando as 67.000 persoas. Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o emprego do sector supón o 7,8% do traballo equivalente a tempo completo e o 6,7% en termos de ocupación estimada pola EPA.

O valor da licitación pública de todas as administracións en Galicia no ano 2014, tras o forte descenso rexistrado no ano anterior, presenta no último ano unha medra do 35,8% para situarse nos 877,5 millóns de euros (o 6,7% da licitación no conxunto do Estado tres décimas menos que no exercicio precedente). Como indica o **cadro 3.2.25.**, este incremento explícase pola medra da licitación pública en obra civil, que tras un incremento do 53,3% se sitúa nos 670 millóns de euros, xa que a licitación pública en edificación descende un 0,7% para acadar os 207,5 millóns de euros.

A licitación pública da Administración Xeral do Estado en Galicia medrou no ano 2014 un 56% en relación ao ano anterior (187,1 millóns de euros máis), ascendendo o seu valor total a 521,4 millóns. De xeito similar compórtase a licitación pública da Administración Local, cuxa contía medrou un 43,4% respecto ao ano anterior (64,4 millóns de euros), para situarse en 212,6 millóns. Por contra, o valor da licitación pública por parte da Administración Autonómica descendeu en 2014 ata os 143,5 millóns de euros, un 12,2% menos que no ano anterior (19,9 millóns de euros).

Tras esta evolución, case o 60% do valor total da licitación pública realizada en Galicia no último ano corresponde á Administración Xeral do Estado (51,7% en 2013), seguida pola administración local, co 24,2% (22,9% no ano anterior) e da licitación autonómica, co 16,4% (25,3% en 2013).

A provincia de A Coruña segue a ser a provincia con maior volume de licitación no ano 2014 ao acadar un total de 436,7 millóns de euros, o 49,8% da licitación total de Galicia, seguida de Pontevedra con 329,6 millóns, o 37,6%. En relación ao ano anterior, cómpre destacar en primeiro lugar o forte incremento rexistrado en Pontevedra, que multiplica por 2,5 o valor total da licitación pública. Por contra, Ourense e, en menor medida, Lugo son as provincias que experimentan unha caída da licitación (66,2% e 7,5%, respectivamente).

Licitación pública 2013-14: distribución segundo administración e tipo de obra

2013

	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
	(en millóns de euros)					
Total	334,30	163,45	148,25	208,92	437,07	645,99
A Coruña	94,41	73,86	94,70	76,59	186,38	262,97
Lugo	48,67	8,78	9,70	8,71	58,44	67,15
Ourense	33,78	71,39	9,57	84,74	30,01	114,75
Pontevedra	86,66	9,42	34,27	38,88	91,47	130,35
Sen rexionalizar	70,78	-	-	-	70,78	70,78

2014

	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
	(en millóns de euros)					
Total	521,37	143,51	212,62	207,47	670,03	877,49
A Coruña	260,63	63,59	112,46	87,53	349,14	436,67
Lugo	6,40	19,95	35,76	26,28	35,83	62,12
Ourense	11,89	12,05	14,89	16,48	22,35	38,83
Pontevedra	232,18	47,91	49,51	77,11	252,49	329,60
Sen rexionalizar	10,27	-	-	0,07	10,21	10,27

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.2.25.

Licitación pública en Galicia e España 2012-13: distribución segundo administracións

	2012		2013		13/12	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				*(%)*	
Administración Xeral do Estado	1.253,1	2.717,7	334,3	4.006,5	-73,32	47,42
Mº Fomento	1.119,9	1.973,7	193,9	2.680,0	-82,68	35,79
Mº Agr., Alim e Medio Ambiente	119,9	534,1	101,7	1.014,5	-15,17	89,95
Resto Admón. Xeral	13,4	210,0	38,7	312,1	189,24	48,62
Administración Autonómica	89,9	2.198,4	164,6	2.470,4	83,03	12,37
Administración Local	95,0	2.526,3	148,3	2.696,2	56,09	6,72
Concellos	71,4	1.470,1	96,2	1.759,6	34,72	19,70
Outras Administracións	23,6	1.056,2	52,1	936,5	120,78	-11,33

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.2.26.

No que atinxe á administración central, **cadro 3.2.26.**, o Ministerio de Fomento reduce nun 82,7% a súa licitación, o que supón 926 millóns de euros menos que no ano precedente.

A nivel territorial, o aumento da licitación da AXE afecta fundamentalmente ás provincias de A Coruña e Pontevedra, cunha medra de 166,2 e 145,5 millóns de euros, descendendo en máis de 42 millóns a licitación desta Administración na provincia de Lugo e en case 22 millóns en Ourense. A Administración Autonómica incrementa a licitación dirixida ás provincias de Pontevedra (38,5 millóns) e Lugo (11,2 millóns), fronte á redución da licitación en relación ao ano anterior nas provincias de Ourense (59,3 millóns menos) e A Coruña (10,3 millóns de euros). Finalmente destacar que a licitación das Administracións Locais medra en todas as provincias, sendo Lugo e A Coruña as que

Licitación pública en Galicia e España 2012-13: distribución segundo tipo de obra

2012

	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
	(en millóns de euros)							(%)
Total	1.438,0	188,4	39,5	1.025,4	161,8	23,0	7.442,4	19,3
Edificación	101,1	40,0	13,1	17,0	30,9	-	2.195,0	4,6
Vivenda	0,6	0,6	-	-	0,0	-	234,1	0,3
Equip. Social	76,2	20,1	11,7	16,5	26,9	-	1.499,7	5,0
Resto edificación	25,2	19,3	1,4	0,5	4,0	-	461,3	5,5
Obra Civil	1.336,95	148,4	26,4	1.008,3	130,9	23,0	5.247,4	25,5
Transportes	1.133,7	89,1	7,1	928,3	108,9	0,3	3.052,5	37,1
Urbanizacións	62,0	29,8	5,2	13,7	13,4	-	989,0	6,3
Hidráulicas	138,3	28,6	13,0	65,9	8,0	22,7	1.101,6	12,6
Medio Ambiente	2,9	0,8	1,1	0,4	0,6	-	104,4	2,8

2013

	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
	(en millóns de euros)							(%)
Total	647,1	264,1	67,1	114,8	130,4	70,8	9.173,1	7,1
Edificación	208,9	76,6	8,7	84,7	38,9	-	2.173,6	9,6
Vivenda	4,4	0,8	-	3,5	0,1	-	240,1	1,8
Equip. Social	174,9	67,0	8,1	81,0	18,8	-	1.466,5	11,9
Resto edificación	29,6	8,8	0,6	0,3	20,0	-	466,9	6,3
Obra Civil	438,2	187,5	58,4	30,0	91,5	70,8	6.999,5	6,3
Transportes	207,2	71,5	30,3	8,5	26,3	70,6	3.605,5	5,7
Urbanizacións	84,2	61,5	6,5	3,4	12,8	-	1.299,9	6,5
Hidráulicas	138,7	53,3	18,9	15,1	51,4	-	1.913,6	7,2
Medio Ambiente	8,2	1,2	2,8	3,1	1,0	0,2	180,6	4,5

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.2.27.

rexistran os incrementos máis acusados, con 26,1 e 17,8 millóns de euros máis, respectivamente.

En canto á desagregación segundo obra, os datos recollidos no **cadro 3.2.27.** reflicten que a licitación en obra civil redúcese drasticamente en Galicia (438 millóns de euros, 899 menos que no ano anterior), consecuencia da redución de 978 millóns de euros na provincia de Ourense, fronte ao incremento de máis de 107 millóns de euros da licitación para edificación.

• Datos de vivenda

O mercado da vivenda en Galicia continúa o seu axuste no ano 2014, rexistrándose un descenso nun 26,5% no total de vivendas rematadas e nun 5% da compravenda de vivendas. Con todo, o índice xeral de prezos da vivenda presenta, por primeira vez dende o derradeiro trimestre de 2008, taxas de variación interanuais positivas (segundo e cuarto trimestre de 2014).

O número de vivendas rematadas en Galicia ao longo do último ano descendeu ata 2.666 vivendas (961 menos que no ano anterior), das que 2.624 corresponden a vivendas libres e tan só 42, a vivendas protexidas (439 no ano precedente). Tendo en conta que o descenso do número de vivendas finalizadas en Galicia é dez puntos superior á do conxunto do Estado, o seu peso relativo cae ata o 5,3% (6% no ano 2013), manténdose esta porcentaxe no 7,4% no caso das vivendas libres rematadas, e situándose no 0,3% no das vivendas protexidas (2,6% no ano anterior).